



29 e 30 de Setembro
e 1 de Outubro
BURELA 2006



Concello de Barreiros



Concello de Burela



Concello de Cervo

Estimado/a amigo/a:

Os vindeiros días 29 e 30 de Setembro e 1 de Outubro do presente ano 2006, vai celebrarse en Burela o I Congreso do Voluntariado de Protección Civil de Galicia, organizado polos concellos de Barreiros, Burela e Cervo, coa colaboración e patrocinio da Dirección Xeral de Protección Civil, a Deputación Provincial de Lugo, o CEXESGA e a Fundación 061, ademais de outras empresas colaboradoras.

Coidamos que o programa que logramos elaborar tén un indubidable atractivo, no que se inclúen obradoiros e actividades prácticas que teñen, certamente, un carácter novedoso para o voluntario de Protección Civil.

Ó mesmo tempo, desde os tres concellos programaremos actividades paralelas de tipo turístico e gastronómico, que sen dúbida farán a estancia na Mariña luguesa máis atractiva.

Coa presente carta enviámosche un folleto co programa do Congreso; contamos coa túa colaboración para que o distribúas acertadamente entre os voluntarios da túa agrupación.

Máis adiante, a finais de Agosto ou primeiros de Setembro, enviaremos un novo folleto coa programación definitiva do Congreso.

Se queredes máis información podedes atopala na web oficial do Concello de Burela, www.burela.org, e por e-mail, podedes contactar coa organización do Congreso a través de pcivil@burela.org. O número de teléfono é o 982 58 10 93 e o fax o 982 58 59 45.

Estamos seguros que o Congreso vai ser un éxito e que a vosa estadía na nosa comarca tamén será agradable.

Vémonos en Burela a finais de Setembro.

En Barreiros, Burela e Cervo, a dezaioito de Xuño de dous mil seis.

Os alcaldes de Barreiros, Burela e Cervo,

Alfonso Fuente Parga

José María González Barcia

José Insua López